

## ACTA Nº 2018/2

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### - SALÓN DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, VENRES 19 DE XANEIRO DE 2018 -

No salón de sesións a Casa do concello, sendo as 08:00 horas do día 19 de xaneiro de 2018, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

#### **PRESIDE:**

MARIA BEATRIZ BASCOY MACEIRAS

#### **ASISTEN:**

BNG

IRIA COUCE REGO

JOSE MANUEL SOTO SANCHEZ

MAGIN FERNANDO LAGO TUIMIL

MIGUEL ANGEL PEDREIRA RODRIGUEZ

PP

XULIO CRIBEIRO GARCIA

#### **AUSENCIAS:**

PP

AQUILINO SUEIRAS DOPICO

JORGE GONZALEZ ANEIROS

ROCIO LUACES ANTON

#### **SECRETARIA-INTERVENTORA:**

MARIA CONSOLACION COUCE CALVO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

#### **ORDE DO DÍA**

##### **1.- Aprobación, se procede, do orzamento municipal para o exercicio 2018, bases de execución e plantilla de persoal**

Toma a palabra a **Sra. Alcaldesa** para explicar as liñas mestras do presuposto que se somete a consideración do pleno e que se recollen na memoria anexa o orzamento, destacando a previsión do aumento de servizos públicos como a limpeza de zonas verdes, estudio para unha nova captación da rede de auga, elaboración da relación de postos de traballo – obrigatoria por lei e da que carece o concello, traballos de ordenación da feira, mantemento do campo de fútbol.... etc. A baixa na partida de investimentos que ven determinada polo feito de que non se solicitou o prestamo provincial incluído no POS \* para non aumentar o endebedamento da Corporación, así como no feito de que o ano 2017 executáronse obras pendentes de exercicios anteriores que non estaban rematadas, nin, en algún caso adxudicadas. No que se refire os ingresos indica que o 6€

proven de transferencias doutras administracións públicas, mentres que o 33,45 o fai con recursos propios, téndose en conta o incremento que vai a supor o “catastrazo” a pesares de que se baixou a cota do IBI por bens inmoables de natureza rústica, así como o incremento das altas no padrón de recollida de lixo e de abastecemento de auga

Intervén, de seguido o **Sr. Cribeiro** para solicitar que conste en acta a resposta dada pola secretaria, na Comisión Especial de Contas, a pregunta realizada por el da razón pola que non se lle facilitaba en papel a documentación da sesión,, resposta que se transcribe tal e como ven recollida na acta da comisión especial de contas

*“ Previa autorización da alcaldía resposta a secretaria indicando que efectivamente o Sr. Cribeiro pediu a copia do orzamento e que cando veu a recollela tiña a súa disposición un CD no que se recollía a proposta de orzamento para 2018 en formato pdf, o sr. Cribeiro manifesta que a quere en pape , e a Secretaria indícalle a imposibilidade de adicar a unha persoa a facer as copias, o que impediría o normal desenvolvemento do seu traballo, ofertándolle remitila por correo electrónico o seu enderezo do SERGAS o que se manifestou de acordo o Sr. Cribeiro facilitándolle a esta secretaria o enderezo o que tiña que ser enviada, tal e como se fixo esa mesma mañá.*

*O artigo 84 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o ROF das Entidades Locais establece que “Toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base ao debate e, no seu caso, votación deberá estar a disposición dos membros da Corporación desde o mesmo día da convocatoria na Secretaría da mesma. Calquera membro da Corporación poderá, en consecuencia, examinala e mesmo obter copias de documentos concretos que a integre, pero os orixinais non poderán saír do lugar en que se atopen postos de manifesto”. En ningún caso falase do formato que ten que ter a copia, a cal limitaríase a documentos concretos non a toda a documentación da sesión.*

*Por outra banda a Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No seu art. 70.2 establece que os expedientes administrativos terán formato electrónico, e no art. 26.1 , sinálase que «se entende por documentos públicos administrativos os validamente emitidos polos órganos das Administracións Públicas. As Administracións Públicas emitirán os documentos administrativos por escrito, a través de medios electrónicos, a menos que a súa natureza esixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia».*

*En consecuencia esta secretaria considera plenamente cumprido o dereito de acceso do Sr. Cribeiro Garcia a documentación relativa a sesión desta comisión de contas mediante o subministro da mesma por medios electrónicos (CD con los documentos en formato pdf e remisión por correo electrónico o enderezo facilitado polo Sr. Cribeiro).”*

Intervén a **Sra. Alcaldesa** para indicar que outros membros do Grupo Municipal Popular o que pertence o Sr. Cribeiro, concretamente a portavoz suplente D. Rocio Luaces Anton recolleron a documentación do Pleno en formato dixital sen poñer ningún impedimento nin mostrar desconformidade algunha.

O Sr. **Cribeiro** pregunta si se incluíu a D. Andrés Leal Martinez, quen ven desempeñando as tarefas de limpeza da feira na plantilla de persoal do concello, resposta a **Sra. Alcaldesa**, que cando empezou a traballar esta corporación D. Andrés Leal levaba, alo menos 20 anos facendo os traballos de limpeza da feira contra factura, situación na que continua na actualidade aínda que se revisou o prezo dos traballos, a incorporación dunha persoa concreta como persoal laboral fixa require unha tramitación específica, non se pode facer automaticamente

Sometido a consideración o ditame da Comisión especial de Contas de 16 de xaneiro de 2017, polo que se informaba favorablemente a proposta de orzamento municipal para o exercicio 2018 e se propoñía a súa aprobación. **O Pleno da Corporación, con CINCO (5) votos a favor e UN (1) voto en contra do Sr. Cribeiro Garcia adopta o seguinte acordo :**

1º Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2.018, sendo o seu resumo, a nivel de capítulo, o seguinte:

### ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN GASTOS
1	Gastos de persoal	451.425,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	645.600,00
3	Gastos financeiros	3.000,00
4	Transferencias correntes	43.900,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	10.000,00
6	Investimentos reais	632.300,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	25.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL GASTOS 2.018</b>		<b>1.811.225,00</b>

### ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN INGRESOS
1	Impostos directos	270.500,00
2	Impostos indirectos	12.500,00
3	Taxas e outros ingresos	266.065,00
4	Transferencias correntes	646.000,00
5	Ingresos patrimoniais	12.205,00
6	Alleamento de investimentos reais	8.000,00
7	Transferencias de capital	523.000,00
8	Activos financeiros	25.000,00
9	Pasivos financeiros	47.955,00
<b>TOTAL INGRESOS 2016</b>		<b>1.811.225,00</b>

2º.- Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito Orzamento.

3º.- Así mesmo, presta a súa aprobación á Plantilla de Persoal e relación de postos de traballo que se une como anexo o presente acordo.

4º.- Que se expoña o público polo prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no artigo 169.1 do RDLeg. 2/12004 Texto refundido da Lei de Facendas Locais.

5º.- No suposto de non presentarse reclamacións en contra do presente acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos nos artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril e 169 do RDLeg. 2/12004 . Noutro caso obrará conforme o previsto no nº 1 deste último artigo.

6º.- Facultase á Alcaldía para que adopte todas as medidas precisas para o cumprimento das previsións contidas no documento aprobado,

## A N E X O PLANTILLA DE PERSOAL AÑO DE 2.018

### A) POSTOS DE TRABAJO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	GRUPO	Nº	NIVEL C. D.	CUBERTAS	VACANTES
Secretaría-Intervención	A <sub>1</sub>	1	28	1	0
Axente Desenvolvemento Local	A <sub>2</sub>	1	22	1	0
Traballador/a social	A <sub>2</sub>	1	22	1	0
Arquitecto Tecncio ½ xornada	A <sub>2</sub>	1	22	1	0
Administrativo	C <sub>1</sub>	1	20	1	0
Auxiliar Administrativo	C <sub>2</sub>	1	18	1	0

### B) POSTOS DE TRABAJO SOMETIDOS A LEXISLACION LABORAL

#### Personal laboral fixo

DENOMINACIÓN	TITULACIÓN ESIXIDA	Nº	CUBERTAS	VACANTES
Encargado Biblioteca e P.I.X. /Xulgado de Paz	Graduado ESO	1	1	0
Conductor vehículos e maquinaria	Graduado ESO	1	1	0
Peón -operario	E. Primarios	1	1	0

#### Personal laboral eventual

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABAJO	Nº de prazas
Auxiliares servizo axuda domicilio xornada completa	3
Auxiliares servizo axuda domicilio xornada parcial	1
Auxiliar servizo axuda domicilio templo completo 3 meses (suplencia vacacións)	1
Auxiliar servizo axuda domicilio templo parcial ,1meses (suplencia vacacións)	1
Técnico/a deportivo/a	1
APROL RURAL- condutor (8 meses)	1
APROL RURAL, peón (8 meses)	1
Técnico centro interpretación castelo (3 meses)	1

**2.- Emenda do acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 12 de decembro de 2017, polo que se aprobaba o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018"**

Sometese a consideración da corporación a proposta que se transcribe de seguido:

"Visto o escrito remitido pola Deputación Provincial da Coruña para que se proceda a emenda do acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 12 de decembro de 2017, polo que se aprobaba o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018 por dous motivos

- A cantidade consumida con cargo a Achega 2018 (131.649,04) supra a cantidade asignada (131.622,04).

- A obra do Plan complementario *Formación de marquesiñas, cerramentos para colectores de residuos e outros* ten denominación xenérica, non admitido polas bases da convocatoria, ten que especificarse algúns dos lugares nos que van a ir situados

En consecuencia propónse o Pleno da Corporación proceder a emenda do acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 12 de decembro de 2017, polo que se aprobaba o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018 que queda redactado como segue:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" :

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	0,00	0,00
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	0,00	0,00
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	115.469,13
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>115.469,13</b>

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2018 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
	0,00	0,00	0,00

<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>	0,00	0,00	0,00
--	------	------	------

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos "financeiramente sostibles")</b>		<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Grupo de programa</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
Saneamento en Mil de Abaixo (Abade)	161	129.138,61	20.974,55	150.113,16
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>		129.138,61	20.974,55	150.113,16

<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018</b>		<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>		<b>Préstamo Deputación</b>	<b>Achega Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
		0,00	0,00	0,00
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2018</b>		0,00	0,00	0,00

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

#### D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

<b>Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)</b>	<b>Deputación</b>
Saneamento en Mil de Abaixo (Abade)	2.522,91
Equipamentos para parques municipais	726,00
Formación de marquesiñas e cerramentos para colectores de residuos e outros	726,00
Formación de novas beirarrúas e reposición das existentes en baloco	2.178,00
<b>Subtotal redacción proxectos</b>	<b>6.152,91</b>

#### E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

<b>Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018</b>	<b>Deputación</b>
Subministro e instalación de equipamentos para parques municipais nas parroquias de San Xoan de Moeche e Santiago de Abade	10.000,00
<b>Subtotal achega municipal 2018</b>	<b>10.000,00</b>

<b>Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017</b>		<b>Deputación</b>
<b>Denominación</b>	<b>Grupo de programa</b>	0,00
<b>Subtotal achega municipal 2017</b>		<b>0,00</b>

## F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
		0,00
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>0,00</b>

## G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	Achega 2017	0,00		0,00
	Achega 2018	0,00		0,00
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2018	115.469,13		115.469,13
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	Achega 2018	0,00	0,00	0,00
	Achega 2017	129.138,61	20.974,55	150.113,16
	Préstamo 2018	0,00	0,00	0,00
<b>D- HONORARIOS REDACCIÓN</b>	Achega 2018	6.152,91		6.152,91
<b>E- ACHEGAS MUNICIPAIS</b>	Achega 2018	10.000,00		10.000,00
	Achega 2017	0,00		0,00
<b>F- REDUCIÓN DÉBEDA</b>	Préstamo 2018	0,00		0,00
<b>TOTAL</b>	Achega 2018	131.622,04	0,00	131.622,04
	Achega 2017	129.138,61	20.974,55	150.113,16
	Préstamo 2018	0,00	0,00	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>260.760,65</b>	<b>20.974,55</b>	<b>281.735,20</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Formación de novas beirarrúas e reposición das existentes en balocos	151	68.188,95
Formación de marquesiñas e cerramentos para colectores de residuos en Balocos, Abade, Castelo, Santa Cruz, Casanova, Vilapedre e outros	162	30.136,55
<b>TOTAIS</b>		<b>98.325,50</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

**O Pleno da corporación, con CINCO (5) votos a favor e UNHA (1) abstención do Sr. Cribeiro Garcia, prestou a súa aprobación a proposta antedita**

E, non habendo máis asuntos que tratar, por orde da Presidencia, levántase a sesión sendo as 08,30 horas do día indicado no encabezamento, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Consolación Couce Calvo

A alcaldesa, Beatriz Bascoy Maceiras